

SEPE

Funcións de control nas oficinas

29/05/2025

O pasado 12 de maio, a CIG, ante as queixas recibidas pola certificacións dos méritos de “execución de plans de control de prestacións por desemprego” e de “control das prestacións por desemprego” solicitou aclaración aos servizos centrais sobre a diferenza entre ambas funcións e os postos competentes para desenvolverlas.

A contestación recibida foi a seguinte:

En contestación ao seu escrito de 12 de maio de 2025, relativo á emisión dos certificados para a participación no concurso de méritos específicos convocados pola Resolución do 19 de marzo de 2025, no que en síntese se solicita aclaración de se existe ou non diferenza entre a función "control das prestacións do Organismo" e "execución das prestacións do Organismo" e "execución do plan de comunicacións seguintes:

Posto de Técnico/a de Oficina de Prestacións: na descrición das funcións contidas na Resolución do 3 de maio de 2024, pola que se convoca concurso xeral para a provisión de postos de traballo no SEPE, figura, entre outras, o control das prestacións do SEPE. Organismo". Estase referindo a realización das accións de control que se levan a cabo nas Oficinas de Prestacións do Organismo. É un obxectivo da nosa produtividade por obxectivos a realización das accións de control para comprobar que as persoas desempregadas seguen cumprindo os requisitos para continuar percibindo a prestación por desemprego ou o subsidio correspondente.

Posto de Xefe/a de Área de Oficina de Prestacións: na descrición de funcións contidas na Resolución do 19 de marzo de 2025, pola que se convoca concurso específico para a provisión de postos de traballo no SEPE, figura, entre outras, a de "execución de plans de control das prestacións po desemprego". Refírese á determinación de que accións de control se van a realizar na Oficina de Prestacións, quen as vai levar a cabo e cando se van facer.

Este escrito **non contesta claramente** a unha das nosas preguntas que textualmente era:

“En el caso de existir diferencia, que se nos aclaren las funciones relativas al control de prestaciones que son propias de cada uno de los dos puestos.

Por ese motivo, imos ter reiterar a nosa consulta e engadir a consulta sobre que ten que realizar cada unha das funcións nas oficinas onde non hai postos de Técnicos/as ou de Xefas/es de Área”.

Evidentemente, coñecemos a realidade, todas as persoas fan de todo. Pero logo só se certifican as funcións propias do posto, por iso a importancia de saber cales son esas funcións e imos reiterar a nosa pregunta.